

TEMA 11

LÍRICA PROFANA MEDIEVAL. CANTIGAS AMOROSAS

-**Xéneros maiores**: amigo, amor, escarnio e maldizer

Lírica profana =

-**Xéneros menores** = pastorela, pranto, tenzón, lai, descordo sirventés moral

I. A CANTIGA DE AMIGO

1.1. Orixes

-Xénero poético de **orixe autóctona**. Modelo da canción de amor **feminina** (*kharjas*). Xénero **pre-trobadoreSCO**.

1.2. Características xenéricas

-**Voz poética**: fala unha **muller nova (amiga)**, que se dirixe ao seu **amigo (namorado)**, lamenta a súa **ausencia** ou refire as **alegrías e tormentos** que lle produce o amor. A voz poética tamén pode ser a da nai, unha confidente...

-Ambientación en **paraxes naturais**

-Léxico popular, arcaísmos

-**Símbolos da natureza** (*cervos, auga, cabelos, vento...*)

-Recursos de **repetición** (*paralelismo, leixaprén e refrán*)

1.3. A forma da cantiga de amigo

-**Refrán**: versos que se repiten literalmente despois de cada estrofa dunha composición (independentes en rima). Se a composición carece de refrán, é de **meestría** (provenzal).

-**Paralelismo**: propio da poesía popular (**literal** = palabras; **estrutural** = estruturas sintácticas; **semántico** = significados)

-**Leixaprén**: en cantigas cujas estrofas están formadas por dous versos (dísticos). O segundo verso da primeira estrofa, repítese literalmente como primeiro da terceira; o segundo verso da segunda, como primeiro da cuarta, e así sucesivamente.

1.4. A temática das cantigas de amigo

-**Tema básico**: a **ausencia do namorado** e os **efectos que produce na amiga**. Estados emocionais da amiga e **relacións** con outros personaxes (nai, irmás, amigas...)

-Auto-loanza da amiga

-Lamentase pola ausencia do amigo

-Tenta remover os obstáculos

-Propósito de reunirse co namorado

-Canta as alegrías do amor

-**Subxéneros temáticos**:

-Mariñas ou barcarolas

-Cantigas de romaría

-Bailadas

-Albas

-**Outras**: cantigas de fonte, cantigas de tear, cantigas de nai e filla, cantigas de confidente, cantigas de celos...

1.5. Modos poéticos

-**Cantigas narrativas:** a voz poética non se dirixe a ningún destinatario explícito (terceira persoa)

-**Cantigas monologadas:** segunda persoa como destinataria

-**Cantigas dialogadas:** dúas ou máis voces, forma dialogada

1.6. Personaxes da cantiga de amigo

-**A amiga:** inxenuidade + forte pulsión erótica. Estados psicolóxicos variables (medo, ledicia...)

-**O amigo:** variedade de actitudes (distante, afastado pola guerra, frívolo...)

-**Irmáns e amigas:** confidentes (ou rivais)

-**A nai:** interlocutor privilexiado. Censura ou aconsella. Desaproba as relacións.

-Os personaxes masculinos quedan fóra. Non hai figura paterna.

1.7. A natureza no discurso amoroso

-Papel importante da **natureza**. Sitúan a cantiga nun **espazo concreto**. Ten diferentes **funcións**:

-**Función referencial:** **topónimos** localizadores da acción (santuarios, mar, río...)

-Convértese en **personaxe** a quen a amiga se dirixe (flores, piñeiros, abeleiras...)

-**Función simbólica:**

-a **auga** asóciase á fertilidade e á relación erótica

-o **cervo** simboliza a sexualidade masculina

-a **fonte** representa o encontro amoroso

-o **mar** ten diferentes funcións (separación, confidente, paixón)

-o **vento** é mensaxeiro